

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO 2019 POR CLUBS E ASOCIACIÓN DEPORTIVAS

1.-OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a promover actividades desenvoltas durante o exercicio 2019 polas asociacións e clubs deportivos do Concello de Ames, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Deportes propón a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL:

- Achegar a práctica deportiva ao maior número posible de individuos, empregando para isto aos colectivos existentes no Concello, como mellor instrumento para acadar este fin.
- A existencia dunha vida deportiva estable dentro do Concello de Ames, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- A participación activa dos/as veciños/as nunha actividade -o deporte- de claro interese público, como medio de promover a formación dos máis novos/as e de propiciar a convivencia entre os veciños e veciñas.
- Poñer a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída cas mesmas e posibilitar o deseño de políticas eficaces que permitan dinamizar a actividade dos particulares que resulte complementaria das competencias municipais.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL:

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos secundarios:

- Primar o fomento do deporte entre a xente nova.
- Primar a complementariedade e colaboración con actividades deportivas municipais.
- Acadar o autofinanciamento das entidades como medio de propiciar a sustentabilidade dos clubs e asociacións deportivas, primando a aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos alleos ao Concello para financiar as actividades desenvoltas.
- Establecer como requisito para acceder á convocatoria a actualización permanente da inscrición no rexistro municipal de asociacións.
- Fomentar a práctica do deporte feminino primando a aquelas entidades que o promovan.

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.

Poderán ser subvencionadas as actividades de índole deportiva desenvoltas polos suxeitos indicados na Base nº 4, así como a adquisición de material inventariable, cun límite do 20 % do orzamento total.

Non se subvencionará a realización de obras.

Non se subvencionarán os gastos correntes (facturas de luz, teléfono, intereses contas bancarias).

2.2 MOMENTO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS FINANCIADOS.

Os gastos para os que se solicite a achega municipal deberán estar efectuados dentro do exercicio 2019. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017 de 8 de novembro da Lei de Contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da prestación do servizo, salvo que polas esenciais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de menor importe.

3.-ORZAMENTO.

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 75.000 €, imputables á aplicación orzamentaria 341.489.10. Esta contía total dividirase en dúas partidas tendo en conta os obxectivos da subvención pola que opten as entidades deportivas. Ditas opcións serán:

- Opción A: clubs ou entidades deportivas con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial, autonómico e nacional durante o ano 2019: 50.000 €
- Opción B: clubs ou entidades deportivas que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2019 (cursos, eventos, participación en competicións non federadas...): 25.000 €.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 8.000 € no caso das subvencións de competición federada (opción A) e 4.000 € para o fomento de actividades deportivas (opción B).

4- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas subvencións as asociacións e clubs deportivos existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións con data anterior ao 31/12/2018. Será requisito indispensable que os datos de inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a achega.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non poderán optar a estas subvencións as entidades que se acolleran a unha subvención nominativa durante o ano 2019 para gastos do exercicio 2019.

As asociacións solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

Todos os clubs con subvención superior a 5.000 € terán que levar na súa vestimenta o logo do Concello de Ames e, en caso de dispor de medio de transporte, un adhesivo do citado logo.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.1 LUGAR DE PRESENTACIÓN.

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Ames ou na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>). Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

5.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

5.3 DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DAS SOLICITUDES.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN. Xunto con este anexo, deberase achegar igualmente: a. Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención. b. Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención. c. Certificación oficial federativa do número de licenzas (número de licencias femininas e masculinas), e onde se especifique tamén a categoría de competición na que militaron ou participaron os equipos ou categorías que compoñen a entidade no ano 2019. (OPCIÓN A). d. Certificación do número de participantes inscritos por cada actividade ou evento polo que se solicita subvención (OPCIÓN B).
ANEXO 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE DA ENTIDADE.

As solicitudes das asociacións deberán presentalas os presidentes/as, e as persoas que ocupen este cargo deberán constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter a axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

Tratándose de actividades do exercicio 2019, aquelas entidades que contén coa documentación xustificativa das mesmas poderán presentala conxuntamente coa solicitude de subvención nos termos recollidos no punto 7.2 destas bases.

Os clubs que se demostre que non achegaron datos reais poderán perder o total da subvención. Ditos datos poderán ser contrastados coas federacións correspondentes.

6.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

6.1 TRAMITACIÓN.

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría delegada en materia de deportes, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, e o informe do Departamento de deportes acreditativo de que da información que consta no seu poder, se deriva que os beneficiario/as reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiario/a da achega solicitada.

Esta comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente	-O alcalde
Vogais	-A concelleira delegada de Deportes -O animador deportivo, que actuará igualmente como secretario da comisión.

6.2 VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A selección das peticións e a contía das subvencións a conceder determinarase despois da consideración das actividades a realizar, de acordo en todo caso co seguinte baremo:

OPCIÓN A.- VALORACIÓN DE SUBVENCIONES PARA PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN FEDERADA:

Os criterios de valoración para os clubs ou entidades deportivas con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial, autonómico e nacional son os seguintes:

DESCRIPCIÓN.	PUNTUACIÓN MÁX.
A Número de beneficiarios	30 puntos.
B Participacións en competicións	25 puntos
C Promoción deporte de base (nº de deportistas <18 anos)	10 puntos
D Número de equipos/ categorías que compoñen o proxecto	12 puntos.
E Solicitud de subvención a outros organismos públicos	10 puntos.
F Promoción do deporte feminino	10 puntos
G Promoción da lingua galega	3 puntos
TOTAL	100 PUNTOS.

A. Número beneficiario/as (LICENCIAS FEDERATIVAS): **ata 30 puntos**

10-20	21-40	41-60	61-80	81-100	101-120	121-140	+140
4 pts	8 pts	12 pts	16 pts	20 pts	24 pts	28 pts	30 pts

* Non se contarán as licencias pertencentes a equipos das escolas deportivas municipais

B. Participación en competicións: **ata 25 puntos**

Competicións a nivel local	Competicións a nivel provincial	Competicións a nivel autonómico	Competicións a nivel nacional
5	10	15	25

* Cada club obterá unha porcentaxe de cada puntuación dependendo do número de equipos, categorías ou deportistas que compitan en cada nivel de competición.

C. Promoción do deporte base: **ata 10 puntos**. Número de deportistas menores de 18 anos.

10-20	21-40	41-60	61-80	81-100
2 pts	4 pts	6 pts	8 pts	10 pts

D. Número de equipos/categorías que compoñen o proxecto: **ata 12 puntos**

* 1 punto por cada categoría ou equipo que compoña o proxecto

** Non se contarán os equipos das escolas deportivas municipais

E. Solicitud de subvención a outros organismos públicos: **ata 10 puntos**

- Secretaría Xeral para o Deporte: 5 puntos

- Deputación da Coruña: 5 puntos

F. Promoción do deporte feminino: **ata 10 puntos** (número de licencias femininas)

1-5	6-10	11-15	16-20	21-25	26-30	31-35	36-40	41-45	+46
1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos

G. Promoción da lingua galega: **ata 3 puntos**

Valorarase o uso da lingua galega na difusión (cartelería, páxina web, redes sociais...), na formación dos membros da entidade e no desenvolvemento das actividades, actos ou eventos da entidade. Para isto, achegarase todo o material gráfico que acredite o uso da lingua galega. Obterá 1 punto a entidade que acredite a difusión da cartelería en galego, 2 puntos a entidade que acredite a difusión da cartelería en galego e a utilización do galego en redes sociais e páxina web e 3 puntos a entidade que acredite a difusión

da cartelería en galego, a utilización do galego en redes sociais e páxina web e a formación en lingua galega por parte dos membros da entidade, así como outras actividades de promoción da lingua galega que organice a entidade deportiva.

* Quedarán fóra da convocatoria aqueles clubs ou asociacións deportivas que non obteñan un mínimo de 10 puntos.

OPCIÓN B.- VALORACIÓN DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CONCELLO DE AMES

REQUISITOS ESIXIDOS PARA AS ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES: serán subvencionables aquelas actividades ou eventos que cumpran cos seguintes requisitos:

- Contar cun mínimo de participantes de 30 no caso de eventos deportivos e 10 no caso de cursos ou charlas de índole deportivo.
- As actividades deberán estar dirixidas á cidadanía.
- Deberá levarse a cabo un rexistro de inscrición con nome e apelidos dos asistentes ou participantes.
- En caso de patrocinio ou cobro, tan só serán subvencionables os gastos non amortizados, para o cal deberá presentarse unha relación de ingresos e custes (facturas) totais.
- Toda actividade deberá contar cos permisos e seguros necesarios para o seu desenvolvemento e ser notificada ao Concello de Ames con 1 mes de antelación.

Os criterios de valoración para os clubs ou entidades deportivas que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2019 (cursos, eventos, competicións, etc) son os seguintes:

A. Número de participantes segundo a relación certificada:

- **Cursos ou Seminarios: ata 15 puntos**

11-25	26-50	51-75	76-100	+101
3 ptos	6 ptos	9 ptos	12 ptos	15 ptos

- **Actividades deportivas, competicións ou eventos: ata 40 puntos**

31-50	51-100	101-150	151-200	201-250	251-300	301-350	351-400	401-450	+451
4 ptos	8 ptos	12 ptos	16 ptos	20 ptos	24 ptos	28 ptos	32 ptos	36 ptos	40 ptos

B. Programa de actividades: **ata 15 puntos**.

Valorarase atendendo á memoria realizada na que se inclúa a programación, duración da actividade, valor formativo, número aproximado de asistentes.

C. Promoción do deporte feminino: **ata 5 puntos**.

D. Promoción do deporte nos centros educativos (anexar certificado do centro): **ata 5 puntos**.

E. Adecuación da actividade ao interese do fomento do deporte base: **ata 5 puntos**.

F. Incidencia Social: **ata 5 puntos**

- 5 puntos: Actividade de ámbito internacional
- 4 puntos: Actividade de ámbito estatal
- 3 puntos: Actividade de ámbito autonómico
- 2 puntos: Actividade de ámbito provincial
- 1 punto: Actividade de ámbito local

G. Carácter benéfico da actividade: **5 puntos**.

H. Financiación da actividade. Gratuidade, patrocinios e autofinanciamento. **ata 5 puntos**

6.3 IMPORTE DA ACHEGA CONCEDIDA

Unha vez puntuados todos os clubs e asociacións deportivas, sumaranse todos os puntos e, tendo en conta a contía destinada a esta convocatoria, establecerase un valor por punto. Este valor será o resultado de dividir a contía total da convocatoria de subvencións entre os puntos totais de todas as entidades. O importe da achega individual a conceder será o resultado de multiplicar o valor punto polo número de puntos acadados pola entidade.

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a. Como máximo subvencionarase o 80 % do orzamento subvencionable.

6.4. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente, e o orzamento subvencionado.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

O acordo de concesión quedará sometido á condición suspensiva indicada na Base 3^a. Cumprida esta condición, a concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

6.5 ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN.

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiario/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O importe a xustificar será equivalente, polo menos, ao orzamento estimativo de gastos ao que ascende o proxecto.

7.1 PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 30 de setembro de 2020.

Este prazo poderá ser ampliado ata o 30 de outubro de 2020 como máximo.

A ampliación pode realizarse a solicitude da persoa interesada. Neste caso solicitude de prórroga deberá realizarse antes do 30 de agosto de 2020.

O prazo tamén pode ampliarse previa a proposta razoada da unidade xestora.

7.2 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

7.2.1 Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

7.2.2 Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, orixinais das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data del.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse, documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcamento, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

7.2.3 En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Contratos de traballo.
- Nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

7.2.4 Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na disposición adicional primeira.

A documentación relativa a xustificación presentarase no rexistro electrónico do concello, o representante ou presidente da entidade responsabilizase de que todos os documentos que se acheguen na sede electrónica son orixinais. Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais. Estes documentos estampilharanse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención "factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Ames na convocatoria de axudas a clubs e asociacións deportivas 2019" indicando o importe afectado pola subvención. Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampa correspondente.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

7.3 TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior. Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados, se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, o que implicará a renuncia á achega concedida.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100 % do orzamento estimativo de gastos ao que ascende o proxecto, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 % e, polo menos, do 50% do orzamento estimativo de gastos ao que ascende o proxecto, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50 % do orzamento estimativo de gastos ao que ascende o proxecto, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo órgano xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar á entidade beneficiaria.

7.4 XUSTIFICACIÓN EXTEMPORÁNEA E PERDA DA SUBVENCIÓN.

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

8.- CONTROL POSTERIOR DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:

8.1 NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

- As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.
- De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

8.2 EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

- a) A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.
- b) Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

9.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

10.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

11.- RÉXIME SANCIONADOR.

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

No caso de incumprimento dos prazos de xustificación, se a dilación no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Difusión do carácter público do financiamento.

Os beneficiarios/as deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario/a viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Órganos de control das achegas concedidas.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.-Protección de datos.

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas do Concello de Ames no exercicio 2019.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das asociacións interesadas nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na

lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DISPOSICIÓN FINAL.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2019.

ANEXO 1

SOLICITUDE DE SUBVENCION

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberan achegar igualmente:

- Descricion detallada da actividade para a que se solicita a subvencion.
- Certificacion bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvencion.
- Certificacion oficial federativa do numero de licenzas (numero de licencias femininas e masculinas), e onde se especifique tamén a categoria de competicion na que militaron ou participaron os equipos ou categorias que compoñen a entidade no ano 2019. (OPCION A).
- Certificacion do numero de participantes inscritos por cada actividade ou evento polo que se solicita subvencion (OPCION B).

Nome da persoa que presenta a solicitude (President@ da asociacion)	Nif
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representacion de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
Enderezo	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociacion	Nº de asociados
Secretario/a	Enderezo electrónico.

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promocion da actividades realizadas por asociacions e clubs deportivos durante o exercicio 2019, SOLICITO ao abeiro desta convocatoria a concesion dunha achega para a realizacion das actividades indicadas a continuacion:

Nota.- Deberase describir, de xeito suficientemente detallado, a actividade para a que se solicita a subvencion, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar coa mesma, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecucion. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderan empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que seran presentados xunto con esta solicitude).

OPCIÓN A

NÚMERO DE LICENCIAS FEDERATIVAS	
MASCULINAS	
FEMININAS	
TOTAL	

EQUIPOS OU CATEGORÍAS QUE COMPOÑEN A ENTIDADE	
EQUIPO/ CATEGORÍA	COMPETICIÓN NA QUE PARTICIPA

OPCIÓN B

<i>Nome da actividade:</i>	
<i>Tipo de actividade (curso, evento...)</i>	
PARTICIPANTES	
HOMES	
MULLERES	
TOTAL	
<i>Nome da actividade:</i>	
<i>Tipo de actividade (curso, evento...)</i>	
PARTICIPANTES	
HOMES	
MULLERES	
TOTAL	

Nome da actividade:	
Tipo de actividade (curso, evento...)	
PARTICIPANTES	
HOMES	
MULLERES	
TOTAL	

ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS.

OPCIÓN A

Descrición do gasto.	Importe
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
TOTAL	
Descrición doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.	Importe
TOTAL	
Descrición do financiamento propio da entidade e outros recursos	Importe
TOTAL	

■ OPCIÓN B

Descrición do gasto.	Importe
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
TOTAL	
Descrición doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.	Importe
TOTAL	
Descrición do financiamento propio da entidade e outros recursos	Importe
TOTAL	

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN	
1	
2	
3	

Ames, _____ de _____ de 202__

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2019.

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación).	Nif
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
------	-----

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha achega do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha achega pública.
- Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Ames, _____ de _____ de 202_
O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.

Subvencións:

A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames

A entidade obtivo as subvencións ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames:

<i>Administración concedente.-</i>	<i>Importe.-</i>
<i>Concello de Ames</i>	
<i>Outras Administracións</i>	
<i>Total</i> _____	€

Outros ingresos que financiaron a actividade.

<i>Tipo de ingreso</i>	<i>Importe.-</i>
<i>Total</i> _____	€

A entidade por min representada responsabilízase da veracidade dos documentos que forman parte da conta xustificativa.

Ames, _____ de _____ de 202_
O/A PRESIDENTE da entidade.